



Sinsal Primavera celebrarase o 19 e 20 de maio no MARCO e na Sala Radar de Vigo

Seis artistas e grupos de mulleres de España, Portugal, Suíza e Turquía conforman o cartel do evento, vinculado á creación contemporánea e á vangarda, e que conta co apoio do Concello de Vigo

Angélica Salvi, Ece Canli, Ivanková e Superorganismus -proyecto creado por Tramontana e Luz González- actuarán no MARCO; mentres que Ana Lúa Caiano inaugurará o primeiro concerto do evento na Sala Radar

As entradas xa están dispoñibles no web www.enterticket.es; e as persoas con billete para as sesións do MARCO poderán acceder, de balde, ao concerto da sala Radar

Vigo, 13 de abril de 2023.- O primeiro evento de Sinsal audio deste ano en Vigo celebrarase no mes de maio: **Sinsal Primavera terá lugar na fin de semana do venres 19 e sábado 20.** O evento, que conta coa colaboración principal do Concello de Vigo, ademais do apoio do MARCO, do Instituto Camões e da Sala Radar, contará este ano cunha programación conformada por **cinco proxectos de vangarda, de e liderados por mulleres**, chegadas de distintos puntos da **Península Ibérica, Suíza e Turquía.**

Sinsal Primavera propón visualizar propostas singulares e únicas, **vinculadas á experimentación e á creación contemporánea**, de difícil clasificación e, por tanto, pouco habituais na programación dirixida ao público xeral. Así, **Angélica Salvi, Ece Canli, Superorganismus** -proyecto musical de Tramontana e Luz González-, **Ivanková e Ana Lúa Caiano** conforman o cartel desta edición, que se celebrará os días 19 e 20 de maio no **MARCO de Vigo**. Como novidade, ademais, este ano a programación extenderase a unha das principais recintos de música ao vivo da cidade, a **Sala Radar**, que acollerá o concerto da portuguesa Ana Lúa Caiano na noite do sábado 20.

As **entradas do Sinsal Primavera 2023 están á venda**, desde hoxe mesmo, na plataforma web www.enterticket.es e desde a páxina web <https://festival.sins.al/gl>. O prezo da entrada anticipada para cada xornada no MARCO é de 15 euros (agás no caso dos billetes para as e os menores de 10 anos, cuxo acceso será gratuíto). No caso **das persoas que posúan unha entrada para os concertos do MARCO, poderán asistir de balde ao concerto da Sala Radar na noite do sábado 20** (as entradas para este directo tamén están dispoñibles en Enterticket por 8 euros anticipada e 10 euros na billeteira).

O Sinsal Primavera é a primeira cita do ano de Sinsalaudio, que suma á xa anunciada **nova edición do Festival Sinsal SON Estrella Galicia**, que se celebrará na **illa de San Simón do 21 ao 23 de xullo**. As entradas para o festival sairán á venda proximamente.

PROGRAMACIÓN SINSAL PRIMAVERA 2023

ANGÉLICA SALVI (España) | MARCO. Venres 19, 20:30 horas

Angélica Salvi é unha arpista española que reside en Porto (Portugal) desde o 2011. Dedicase á **improvisación dentro da música contemporánea e da electroacústica**, explorando varias técnicas de preparación e amplificación do instrumento na procura de novos timbres e sonoridades. A arpista convida ao público a mergullarse nas súas vivencias emocionais e espirituais, empregando as mesmas para escribir o guión dun soño.

ECE CANLI (Turquía) | MARCO. Venres 19, 21:30 horas

Ece Canli é artista, música e investigadora. Naceu en Turquía e reside en Porto (Portugal). Na súa práctica artística e vocal **explora o estado liminal dos corpos agonizantes e demonizados**, a desvinculación corporal e mental, e as expresións extralingüísticas por medio de técnicas vocais extendidas. Colaborou con varios artistas, músicos e coreógrafos a nivel internacional e creou bandas sonoras para performances ou exposicións.

SUPERORGANISMUS (Suiza) | MARCO. Sábado 20, 20:30 horas

Tramontana e Luz González crean *Superorganismus*, unha peza electroacústica para flauta, viola, arpa e electrónica ao vivo. A proposta agroma coa intención de **xerar música de forma cooperativa e horizontal**. Aínda que as catro músicas sexan independentes, a electrónica de Luz González pode modificar o son de Tramontana, mais os instrumentos acústicos son a raíz sonora dun superorganismo que o público percibirá coma un todo.

IVANKOVÀ (España) | MARCO. Sábado 20, 21:30 horas

Ivankovà é o proxecto en solitario da artista e compositora madrileña Irene de la Cueva. As súas creacións agroman a través de **estruturas repetitivas que se converten en mantras** deseñados para xerar atmósferas determinadas e convidar así ao público a transitar por paisaxes nas que os sintetizadores, a voz e os sons electrónicos xerados a partir da transformación de sons orgánicos son protagonistas.

ANA LÚA CAIANO (Portugal) | Sala Radar. Sábado, 23:00 horas.

Cantante, compositora e artista multidisciplinar. Ana Lúa Caiano converte constantemente a experiencia en creatividade e **explora a fusión do folclore portugués co música electrónica e sons cotiáns**. Nos seus director, parte de bases sinxelas para construír marcos rítmicos usando beatbox, palmas, tambores e maracas, nas que superón texturas de teclado, sons ambientais e a propia súa voz.

CONTACTO DE PRENSA SINSAL PRIMAVERA

Lucía Pita | 675 404 321

prensa@sinsalaudio.org

PRESS KIT SINSAL PRIMAVERA

<https://www.dropbox.com/sh/2lz0vt4l1m03ieg/AADZSHfy5dnUs8dmQGgITwrFa?dl=0>

festival.sins.al

ORGANIZA

 SINSAL AUDIO

COLABORADOR PRINCIPAL

CONCELLO
DE VIGO



COLABORAN

MARCO
MUSEO DE ARTE, DISEÑO E ARQUITECTURA DE VIGO

COMIDES
CONSEJO REGULADOR
DE PRODUCTOS
DE PASTA LOCAL
MARCA DE CALIDAD REGULADA

